

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

ANUNCIO do 14 de marzo de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construcción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-504, puntos quilométricos 1+300 a 3+000, de clave PO/18/115.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo citado proxecto.

Antecedentes:

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento para información pública do proxecto construtivo Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no cotorno de TCA na estrada PO-504, p.q. 1+300 a 3+000, de clave PO/18/115.06.

Téndose identificado como TCA o treito da estrada PO-504 comprendido entre os puntos quilométricos 1+300 a 3+000, o obxecto do proxecto é xustificar e definir diversas actuacións de mellora da seguridade viaria nel, no concello de Sanxenxo (Pontevedra).

Así, as actuacións propostas para minimizar o TCA actúan principalmente en varias interseccións. Estas actuacións son as seguintes:

- Tramo 1: entre os pp.qq. 0+790 e 1+360:
 - Intersección 0+940 MI: mellórase a intersección en T existente na marxe esquerda, dotándoa de cuñas e carril central de espera. Elimínanse os xiros á esquerda.
 - Intersección 1+300 MD: ordénase a intersección existente de dous camiños anexos na marxe dereita, facéndoos de sentido único (en continuidade) e dispoñendo dun carril para movementos de entrada e saída. Permite-se o xiro á esquerda desde un dos camiños.



- Tramo 2: entre os pp.qq. 1+750 e 2+370:

– Intersección 2+110: dispone dunha glorieta na intersección co camiño ao Santo, que ordena os movementos das vías que a entroncan, e permitirá o cambio de sentido, xunto coa glorieta do p.q. 2+270, dos vehículos para poder eliminar o xiro á esquerda en todo o tramo desta actuación.

– Intersección 2+160 MI: na intersección existente coa estrada EP-9207 Vichona-Dena modificarase a súa sinalización para prohibir o cruzamento da PO-504 e o xiro á esquerda de acceso a ela.

– Intersección 2+270: dispone unha glorieta na intersección co camiño ao Carballo, que ordena os movementos das vías que a entroncan e permitirá o cambio de sentido, xunto coa glorieta do p.q. 2+270, dos vehículos para poder eliminar o xiro á esquerda en todo o tramo desta actuación.

- Tramo 3: entre os pp.qq. 2+710 e 3+230:

– Intersección 2+740: mellórarse a intersección co camiño existente, facéndoo de sentido único e dotándoa de cuña de transición para o acceso á PO-504. Permite-se o xiro á esquerda desde o camiño.

– Intersección 3+070: dispone unha glorieta na intersección situada no p.q. 3+070, que ordena os movementos das vías que a entroncan e permitirá eliminar o acceso existente situado a uns 40 m na marxe esquerda, desprazándoo á propia glorieta mediante a execución dunha nova vía.

Ademais, nos citados tramos disporase dun cebrado central que reduza a largura dos carrís, de maneira que se advirta máis eficazmente o usuario da estrada da necesidade de reducir a velocidade en todo o percorrido.

Mellorarase tamén a seguridade dos pasos de peóns mediante a restrición do aparcamento nas súas proximidades e revisaranse as paraxes de autobuses existentes para dotalas de maior seguridade.



As actuacións compleméntanse coa pavimentación de todos os tramos e a adecuación da sinalización aos cambios proxectados.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realizaase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Sanxenxo (Consistorio, 4-6, 36960 Sanxenxo, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), encóntrase á disposición dos interesados o documento de separata do proxecto de construcción.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Proxecto de construcción
Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-504, p.q. 1+300 a 3+000
Clave PO/18/115.06

Concello de Sanxenxo:

Nº	Ref. catastral	Pol.	Parc.	Titular	NIF	Sup. catastral (m ²)	Afeccións (m ²)				Bens	Natur.	Clasif. urb.	Sit. bas. solo
							Aproveitamento/uso	Exprop.	Oc. temp.	Total				
1	36051A00506018	5	6018	Rivas Rey, José	****5662*	1.770	Ocio, hostalaría	17		17		UR	Urbano	Urbanizado
2	36051A00506022	5	6022	Concello de Sanxenxo	P360*****	950	Solo sen edif.	213		213	Muro cachotaría	UR	Urbano	Urbanizado
3	36051A00501219	5	1219	Varela Torres, Cándido (50 %)	****0770*	930	Residencial	25		25	Pechexetal	UR	Urbano	Urbanizado
				Valladares Domínguez, Angelina (50 %)	3525*****									
4	5264901NG1956S	52649	1	Sánchez Aguín, José Luis (50 %)	****6776*	1.072	Industrial	58		58		UR	Urbano	Urbanizado
				Fontán Torres, Joaquín José (25 %)	3541*****									
				Guzmán Cortegoso, María Luisa (25 %)	****2316*									
5	36051A04700353	47	353	Souto Fernández, Albino Saturnino herdeiros de	3541*****	1.384	Residencial E-pastos	72		72	Poste pedra e malla metálica Poste de formigón e malla metálica Árbore (conífera grande)	UR	Urbano	Urbanizado
6	36051A04700352	47	352	Vázquez-Garza Torres, María del Carmen	****7372*	1.327	Solo sen edif.	527	800	1.327	Poste de formigón e malla metálica Poste de formigón e aramado	UR	Urbano	Urbanizado



Nº	Ref. catastral	Pol.	Parc.	Titular	NIF	Sup. catastral (m ²)	Afeccións (m ²)				Bens	Natur.	Clasif. urb.	Sit. bas. solo
							Aproveitamento/uso	Exprop.	Oc. temp.	Total				
7	36051A04600897	46	897	Cacabelos Camiña, Berta (50 %)	7685****	115	Residencial V-viña secaño	33		33		UR	Urbano	Urbanizado
				Maquieira García, Juan (50 %)	3521****									
8	36051A04300027	43	27	Inmobiliaria Río Nilo,S.L.	****3211*	2.337	Solo sen edif.	396		396	Varanda metálica Poste formigón e aramado	UR	Urbano	Urbanizado
9	36051A04300641	43	641	Rodiño Padín, Sara (50 %)	3519****	814	Solo sen edif. MT matogueira	226		226	Varanda metálica	UR	Urbano	Urbanizado
				Troncoso Poceiro, José (50 %)	****9634*									
10	36051A04200183	42	183	Sanmartín Martínez, Javier	****7168*	529	Solo sen edif.	20		20	Poste de formigón e aramado	UR	Urbano	Urbanizado
11	36051A04300080	43	80	Méndez Barbeito, Nélida	7685****	1.027	Solo sen edif.	111		111	Muro de bloque	UR	Urbano	Urbanizado
12	36051A04300079	43	79	Martínez Torres, Elisa Esther	****8093*	535	Solo sen edif.	19		19		UR	Urbano	Urbanizado
13	36051A04300111	43	111	Troncoso Poceiro, Amelia	7684****	1.365	Industrial	1		1	Muro de cantaría	UR	Urbano	Urbanizado
14	36051A04200206	42	202	Camiña García, Jacinto herdeiros de	****1558*	2.157	Industrial MT matogueira	164		164	Murete de pedra e malla metálica Poste de formigón e aramado Murete de pedra	UR	Urbano	Urbanizado
15	36051A04200207	42	207	Camiña Blanco, Mª Sofía del Carmen	7685****	236	Solo sen edif.	34		34	Varanda metálica	UR	Urbano	Urbanizado
				Camiña Blanco, Albino herdeiros de	****7437*									
				Vidal Prieto, José herdeiros de	3519****									
				Padín Blanco, Otilia	****3089*									



Nº	Ref. catastral	Pol.	Parc.	Titular	NIF	Sup. catastral (m ²)	Afeccións (m ²)				Bens	Natur.	Clasif. urb.	Sit. bas. solo
							Aproveitamento/uso	Exprop.	Oc. temp.	Total				
16	36051A042002050001GZ	42	205	Touriño Camiña, José Antonio herdeiros de	3525*****	1.287	Solo sen edif. MT matogueira	360		360	Murete de pedra	UR	Urbano/ rústico	Urbanizado
	36051A042002050000FB						681	MT matogueira	17	17				
17	36051A043003710001GI	43	371	Meis Viñas, José	****8155*	336	Solo sen edif. C labor ou labradío secano	8		8	Murete de formigón	UR	Urbano	Urbanizado
18	36051A043003730001GE	43	373	Padín Blanco, Otilia	7685*****	1.239	Solo sen edif. C labor ou labradío secano	316		316	Varanda metálica Murete de formigón Panel publicitario	UR	Urbano	Urbanizado